

Acariñamos a vida



Voluntariado

a ilusión que move
o mundo



VOLUNTARIADO



Síguenos en:



Voluntariado da ONCE



Que é?

O Servizo de Voluntariado da ONCE é unha iniciativa social de apoio ás persoas cegas afiliadas á institución -de todas as idades- que, pola súa cegueira, discapacidade visual grave ou xordocegueira, necesitan a túa axuda solidaria para realizar actividades cotiás que permitan a súa inclusión nun mundo “sen barreiras”, cheo de posibilidades.

Vente comigo



Como o ves?



Ven coñecelo!

Para que se pode solicitar este servizo?

Para actividades diarias e cotiáns como desprazamentos, realizar xestións, acudir a consultas, visitar museos, practicar deporte, ler a correspondencia, etc.

Queres ser voluntario ou voluntaria?

Se es maior de idade, tes ganas de axudar a outras persoas que necesitan o teu apoio e dispós dun pouquiño de tempo libre, non teñas dúbida en contactar con nós.

Únete a nós para cambiar o mundo!

Tes discapacidade e queres ser voluntario?

Se ese é o teu caso –sexas afiliado ou non á ONCE–, pero che gusta axudar aos demais, estamos seguros que atoparemos xuntos oportunidades que se axusten ás túas capacidades e habilidades persoais.

Anímate a probar!



Apúntaste?



Axúdasnos a elixir?

Que programas desenvolvemos?

• Acompañamento

Axuda en desprazamentos para asistir aos servizos que presta a ONCE, para visitar a familiares, para acudir a servizos externos, como consultas médicas. Acompañamento en domicilio ou hospitais; apoio na supervisión de cans guía en actividades de exercicio físico e ocio; acompañamento telefónico aos que están máis lonxe xeograficamente ou ás persoas en situación de soidade.

Compañía en calquera lugar!

• Acceso á información

Lectura de documentos, textos manuscritos, encher impresos, apoio na utilización de ferramentas informáticas (ordenadores, móbiles, tabletas, etc.) ou específicas para persoas con discapacidade visual, axuda na práctica do Braille, etc.

A palabra escrita, ao alcance de todos!

**A túa experiencia será exemplo
para outros voluntarios.
Axúdanos a transmitir este servizo!**

• Deportivo

A discapacidade visual non debe supoñer un problema para saír a correr, a patinar, para practicar, en fin, calquera deporte ou para acceder ou moverse en instalacións deportivas. Cun bo acompañante, é posible.

Ponte en forma!

• Cultural-recreativo

Apoio na participación en actividades culturais e recreativas, como visitas a museos ou colaboración na organización de actividades culturais e institucionais. Asistencia visual a pais cegos para pasar unha tarde divertida no parque de atraccións cos seus fillos... por exemplo.

Compartamos a cultura e a diversión ao máximo!

Ademais, a través do voluntariado internacional apoiamos a persoas con dificultades noutros lugares do mundo.



¡Anímate!

Información e inscrición

Se desexas recibir máis información ou inscribirte no noso Servizo de Voluntariado, podes facelo por calquera das seguintes vías:

- 1 No centro ONCE máis próximo ao teu domicilio.
- 2 A través da páxina web da ONCE, onde atoparás un formulario:

<https://www.once.es/Comprometidos/voluntariado>

*“Ganámonos a vida co que recibimos,
pero facemos a vida co que damos”.*

John Maxwell



iguais
Para hoxe. Para mañá.

 **grupo social**
ONCE